

DECRETO XX/XXXX de ***** polo que se regula o Rexistro de Entidades do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia

O 31 de decembro de 2010 publicouse no Diario Oficial de Galicia a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia. O artigo 52 desta lei crea na consellería competente en materia de Facenda un Rexistro de entidades do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia, no cal se inscribirá preceptivamente a constitución destas entidades e os demais actos relativos a elas que se determinen regulamentariamente.

Por outra banda, o 2 de outubro de 2015, publicouse no Boletín Oficial do Estado a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. O artigo 82 desta lei configura o Inventario de Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local como un rexistro público administrativo que garante a información pública e a ordenación de todas as entidades integrantes do sector público institucional calquera que sexa a súa natureza xurídica.

Esta lei atribúe á Intervención Xeral da Administración Xeral do Estado a integración e xestión do inventario e a súa publicación. A captación e o tratamento da información enviada polas comunidades autónomas e as entidades locais para a formación e mantemento do inventario dependerá da Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local.

Cada entidade está obrigada a notificar a información necesaria para a inscrición definitiva no Inventario de Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local, establecendo a lei que esta notificación debe realizarse de forma necesaria a través da Intervención Xeral da Administración correspondente

De acordo co anterior, respecto do sector público Autonómico de Galicia, corresponde á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia recibir a información por parte das entidades do sector público autonómico que deban constar no Inventario e transmitir a información á Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local.

Coa aprobación deste decreto dáse cumprimento ao mandato realizado pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, á vez que se proporcionan os medios para o cumprimento das obrigacións que a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico atribúe á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.

O presente decreto ten por obxecto o desenvolvemento normativo do Rexistro de entidades do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia creado pola Lei 16/2010, do 17 de decembro. Así mesmo, co fin mellorar a súa funcionalidade en atención as competencias propias da Consellería de Facenda e Administración Pública, incorporaranse ao mesmo as entidades non consideradas entidades instrumentais do sector público autonómico conforme a Lei 16/2010, do 17 de decembro, e que se clasifiquen como axentes do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia polas institucións competentes en materia de contabilidade nacional.

O decreto estrutúrase en catro capítulos:

O capítulo I recolle as disposicións xerais; obxecto, competencia e ámbito de aplicación. A competencia para a xestión do Rexistro atribúese á Consellería de Facenda e Administración Pública a través da Intervención Xeral da Comunidade.

O capítulo II establece a estrutura e contido do Rexistro. Respecto da estrutura, cabe destacar que o Rexistro se divide en seccións e subseccións respectando a clasificación de entidades pública establecida na Lei 16/2010, do 17 de decembro;

O capítulo III recolle o procedemento para a anotación de datos no Rexistro.

Por último, O capítulo IV establece o carácter público do Rexistro de Entidades do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia e a coordinación outros rexistros públicos, en particular co Inventario de Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local.

De conformidade coa Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, durante a tramitación do proxecto, tras a publicación no Portal de Transparencia e Goberno Aberto, emitiron o seu informe os órganos competentes en materia de orzamentos, función pública e igualdade, así como conxuntamente os órganos con competencias horizontais en materia de Administración electrónica e avaliación e reforma administrativa da Xunta de Galicia. O proxecto foi informado pola Asesoría Xurídica.

Na súa virtude, en uso das facultades atribuídas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, a proposta do conselleiro de Facenda Administración Pública, de acordo co Consello Consultivo, e previa deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día ----- de dous mil vinte e un,

DISPOÑO

Capítulo I: Disposicións xerais

Artigo 1: Obxecto

O presente decreto ten por obxecto regular o ámbito de aplicación, estrutura e contido do Rexistro de Entidades do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia previsto no artigo 52º da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público de Galicia,

Así mesmo, ten por obxecto regular as obrigacións das entidades que integran o sector público autonómico de Galicia, así como daquelas nas que concorran os requisitos determinados polo Sistema europeo de Contas para integrarse no sector da administración pública autonómica de Galicia.

Artigo 2: Competencia

Corresponde á Consellería de Facenda e Administración Pública, a través da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, a xestión e dirección do Rexistro de Entidades do Sector Público da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 3: Ámbito de aplicación:

1 Este decreto é de aplicación a todas as entidades que integran o sector público autonómico, de conformidade co previsto nos artigos 3º e 45º da Lei 16/2010, do 17 de decembro.

2 Así mesmo, incluíranse aquelas entidades distintas das anteriores, nas que concorran os requisitos determinados polo Sistema Europeo de Contas para integrarse no sector da administración pública autonómica de Galicia.

Capítulo II: Estrutura e contido do rexistro

Artigo 4: Estrutura do Rexistro

1 Deberán figurar no Rexistro de entidades do sector público todas as entidades que integran o sector público autonómico, de conformidade co previsto nos artigos 3º e 45º da Lei 16/2010, do 17 de decembro.

2 O Rexistro de Entidades do Sector Público da Comunidade Autónoma de Galicia estará integrado polas seguintes seccións:

Sección I: Entidades públicas instrumentais

Estará dividida nas seguintes subseccións

a) Subsección de Organismos Autónomos

- b) Subsección de Axencias públicas autonómicas
- c) Subsección Entidades públicas empresariais
- d) Subsección Consorcios autonómicos

Sección II Outras entidades instrumentais

- a) Subsección Sociedades mercantís públicas autonómicas
- b) Subsección Fundacións do sector público autonómico

Sección III: Outras entidades

Incluíranse nesta sección aquelas entidades que non deban incluírse nas seccións anteriores e nas que concorran os requisitos establecidos polo Sistema Europeo de Contas para integrarse no sector da administración pública autonómica de Galicia.

3. Para a determinación da sección ou, no seu caso, subsección, na que se inscribirán as distintas entidades, deberán terse en conta as previsións legais respecto da natureza de cada entidade que resulten de aplicación, con independencia de que se procedeu ou non a facer efectiva a modificación ou adaptación da natureza xurídica da entidade.

Nestes casos, farase constar a expresión “entidade asimilada”, indicando a norma en virtude da cal se fai a asimilación da súa natureza xurídica.

Artigo 5: Contido do Rexistro

1 Para cada entidade, incluíranse os seguintes datos:

- a) Denominación, nome comercial ou abreviatura
- b) Número de identificación fiscal
- c) Norma de creación, as súas modificacións, e no seu caso os acordos do Consello da Xunta que autorizan a creación da entidade.
- d) Código correspondente ao Inventario do sector público estatal, autonómico e local (INVENTE), código común de unidades orgánicas e oficias (DIR3)
- e) Natureza xurídica
- f) Ámbito e adscrición ou tutela á consellería correspondente.
- g) Datos postais, sitio web, e no seu caso, sede electrónica.
- h) Clasificación e en termos de Contabilidade Nacional
- i) As datas de alta, baixa ou modificación, así como a causa que o orixina
- j) Actividade que desenvolve con indicación do código de Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE)
- k) O obxecto ou finalidade
- l) A estrutura de dominio, con indicación da porcentaxe de participación ou financiamento e do dereito de voto de cada un dos partícipes
- m) Fontes de financiamento
- n) Réxime orzamentario contable e de control

2 Depositáranse no Rexistro as contas anuais aprobadas pola entidade.

Capítulo III: Procedemento de anotación

Artigo 6: Anotación no Rexistro

1 As anotacións serán realizadas pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, de oficio ou a instancia da entidade.

2 Nos dez días seguintes á entrada en vigor deste Decreto, as entidades incluídas no ámbito de aplicación deste decreto deberán remitir os datos necesarios para a anotación no Rexistro a través do formulario previsto no Anexo I do decreto.

3 A Intervención Xeral dispoñerá de dous meses para incorporar os datos recibidos ao rexistro.

Artigo 7: Actualización e modificación das anotacións

1 As entidades incluídas no ámbito de aplicación deste decreto serán responsables da exactitude dos datos que obren no rexistro. Para o efecto comunicarán á Intervención Xeral calquera modificación nos mesmos

2 Así mesmo, a Intervención Xeral, cando teña coñecemento de calquera modificación producida, poderá requirir da entidade a remisión da documentación correspondente para o efecto da actualización do Rexistro.

Artigo 8: Depósito das Contas Anuais

1 Unha vez aprobadas, cada entidade remitirá á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma as súas contas anuais.

A remisión das contas realizarase utilizando medios e sistemas electrónicos. A Intervención Xeral da Comunidade Autónoma poñerá en coñecemento de todas as entidades os procedementos adecuados para o envío das contas.

2 Depositáranse no Rexistro as contas anuais de cada entidade para o efecto da súa remisión ao Consello de Contas, en cumprimento do previsto no artigo 52 da Lei 16/2010, do 17 de decembro.

3 A Intervención Xeral da Comunidade Autónoma incorporará á Conta Xeral as contas recibidas, dando traslado das mesmas ao Consello de Contas. Na Conta Xeral indicárase

de forma expresa as entidades que non cumpriron adecuadamente a obrigaón do envío das contas anuais.

Artigo 9: Obrigaón de subministración de información

1 Todas as entidades incluídas no ámbito de aplicación deste decreto están obrigadas a proporcionar á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma toda a información e documentación requirida dentro dos procedementos de incorporación e anotación de datos no Rexistro.

2 Todas as entidades dependentes ou nas que participe a Comunidade Autónoma non incluídas nas seccións I e II, teñen obrigaón de proporcionar a información e documentación requirida para os efectos de realizar as análises que determinen a obrigatoriedade ou non da anotación na Sección III do Rexistro.

3 Corresponde ao titular do máximo órgano de dirección da entidade a remisión da información e documentación solicitada.

4 As entidades deberán facilitar á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma a documentación e os datos solicitados no prazo de dez días contados desde a recepción da solicitude.

Artigo 10: Información dixitalizada.

1 Toda a documentación que se remita será enviada a través de medios electrónicos de conformidade coas disposicións da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común.

2 A Intervención Xeral da Comunidade Autónoma poderá admitir con carácter excepcional documentación noutros soportes.

Capítulo IV: Carácter público do Rexistro e coordinación con outros rexistros

Artigo 11: Carácter público do Rexistro.

1 O Rexistro de Entidades do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia terá carácter público.

O acceso ao mesmo poderá realizarse por calquera persoa interesada.

2 A Consellería de Facenda e Administración Pública facilitará o acceso ao Rexistro por medios telemáticos. Para ese efecto, a consulta dos datos públicos estará dispoñible na

páxina web www.rexistrodeentidadespublicasdegalicia.gal, así como no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia.

A Consellería de Facenda e Administración Pública manterá na súa páxina web unha ligazón á páxina do Rexistro de Entidades Públicas de Galicia.

Artigo 12: Coordinación co Inventario do sector público estatal, autonómico e local

As entidades serán responsables de garantir a coherencia entre os datos que figuran neste Rexistro e os que constan no Inventario de Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local previsto na Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Así mesmo, a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma procurará a máxima coordinación entre o Rexistro de Entidades do Sector Público da Comunidade Autónoma de Galicia e o Inventario de Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local.

Artigo 13: Coordinación con outros rexistros

A administración garantirá a coordinación do Rexistro de Entidades do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia con outros Rexistros administrativos, no marco da normativa de accesibilidade e interoperabilidade dos rexistros e sistemas de información.

Disposición Derradeira Primeira: soporte informático

A AMTEGA proporcionará o soporte informático que resulte necesario para o mantemento e o tratamento dos datos que deban constar no Rexistro de Entidades do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia.

Disposición Derradeira Segunda: Desenvolvemento normativo

Habílitase a Consellería de Facenda e Administración Pública para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución do establecido no presente Decreto.



Disposición Derradeira Terceira: Entrada en vigor

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

ANEXO I

- Datos xerais

Denominación:	Nome comercial / abreviatura:
NIF:	Tipo de entidade:
Código DIR3:	Consellería / entidade de adscrición:

- Datos postais

Dirección:	Código postal:
Localidade:	Provincia:
Teléfono:	Correo electrónico:
Sitio web:	Sede electrónica:

- Estrutura de dominio

Denominación		% Participación	% Voto
Xunta de Galicia			
Administración Xeral do Estado			
Corporacións locais			
Outras entidades de dereito público			
Outras entidades de dereito privado			

- Réxime económico financeiro

Réxime de control	Función interventora	
	Control financeiro permanente	
	Auditoría de contas	
Réxime contable	Público	
	Privado	
Réxime orzamentario	Limitativo	
	Estimativo	

- Datos da actividade económica

Sector	
Obxecto ou finalidade	
Código CNAE	

- Fonte de ingresos

Venda de bens e prestación de servizos dentro do sector público	A Xunta de Galicia	
	A outras Administracións Públicas	
	A outras entidades do sector público	
Venda de bens e prestación de servizos dentro do sector privado	Autonómico	
	Nacional	
	Internacional	
Transferencias e subvencións recibidas	Da Xunta de Galicia	
	Doutras Administracións Públicas	
	Doutros entes do sector público	
Outros ingresos		